



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESION ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACION DE 1/12/2009

ACTA Nº 13

ASISTENTES:

- D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
- D. Ildfonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
- D. Xosé Manuel Ledo Fernández, grupo PSOE
- D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
- D. Hector Ledo Rodríguez, grupo PSOE
- D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
- D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
- D^a M^a Isabel Carbón Seijas, grupo PP
- D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP
- D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, membro non adscrito
- D. José Castor Novoa Fernández, membro non adscrito
- D. Manuel Diéguez Carballo, membro non adscrito
- D^a. M^a Cándida Carnero Blanco, membro non adscrito

SECRETARIO:

Actuou de Secretario o Administrativo Jesús Angel Ledo Cores, por substitución do titular en virtude do decreto da Alcaldía de data 1 de decembro de 2009.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo as vinte horas do día un de decembro de dous mil nove, reuníronse, previa convocatoria en legal forma practicada, os señores/as concelleiros/as que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o Secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente a sesión ordinaria anterior do día 29/10/2009.

Sometida a votación é aprobada por unanimidade.

2º.-DAR CONTA DOS ESCRITOS DO GRUPO PP E DOS CONCELLEIROS NONS ADSCRITOS SOBRE A DESIGNACION DE MEMBROS NAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Resultando que por acordo plenario do día 29/10/2009 aprobouse a nova composición das comisións informativas no seguinte sentido:

“PRIMEIRO.- Modificar as composicións das comisións informativas para que sexa proporcional a nova composición do Pleno da Corporación, no seguinte sentido:

As catro comisións informativas permanentes estarán compostas por dous membros do grupo PSdeG-PSOE, dous membros do grupo BNG, un membro do grupo PP, e dous concelleiros non adscritos.”

Considerando o disposto no do Real Decreto 2568/1986, de 29 de novembro.

Se da conta ao Pleno da Corporación do escrito do grupo PP sobre a designación de portavoz a Concelleira D^a M^a Isabel Carbón Seijas, e Viceportavoz ao Concelleiro D. Jose Luis Janeiro Rodríguez.

Se da conta ao Pleno da Corporación dos escritos do grupo PP e dos catro concelleiros “non adscritos” sobre a designación dos concelleiros que formaran parte de cada unha das comisións informativas permanentes do concello:

-D^a M^a Isabel Carbón Seijas: Comisión Informativa de economía, facenda e réxime interior, e Comisión Informativa de Cultura, educación, xuventude e deportes.

-D. Jose Luis Janeiro Rodríguez: Comisión Informativa de servizos en xeral, servizos sociais, igualdade e muller, e Comisión Informativa de urbanismo, medio ambiente, patrimonio e medio ambiente.

-D. Manuel L. Varela Rodríguez e D. Manuel Dieguez Carballo: Comisión Informativa de economía, facenda e réxime interior, e Comisión Informativa de urbanismo, medio ambiente, patrimonio e medio ambiente.

-D. José Castor Novoa Fernandez e D^a M^a Cándida Carnero Blanco: Comisión Informativa de servizos en xeral, servizos sociais, igualdade e muller, e Comisión Informativa de Cultura, educación, xuventude e deportes.

3º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL FUNCIONARIO AO SERVIZO DO CONCELLO DE CHANTADA.

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, alcalde-presidente do Concello de Chantada, en uso das súas atribucións legalmente conferidas



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Vista a proposta de alcaldía de data 18/06/2009 en materia de persoal sometida a negociación sindical na sesión do día 19/06/2009.

Visto o informe do Secretario Municipal de data 25/06/2009.

Resultando que por acordo plenario do día 29/06/2009 aprobouse inicialmente o Organigrama xerarquizado do Concello de Chantada, a Modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Chantada na que se reclasifican seis postos de traballo, o “Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Chantada”, e os indicadores do complemento de produtividade e gratificacións para o establecemento dun sistema de avaliación do desempeño, de acordo coa proposta de alcaldía de data 18/06/2009.

Vista a única alegación presentada ao expediente durante o prazo de exposición pública do expediente, por D. José Berciano Berciano en calidade de presidente provincial del sindicato “Central Sindical Independiente y de Funcionarios” (CSI-CSIF) en data 20/08/2009, RE nº 2802, contra o Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Chantada”.

Vistos os anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia dos días 3/10/2009 e 16/11/2009 sobre a consideración como definitivamente aprobados dos acordos de aprobación inicial do Presuposto, plantilla e Relación de Postos de Traballo (RPT) por non presentarse alegacións contra os mesmos.

Considerando o disposto na Lei 7/85, de 2 de abril; na Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público; no capítulo III do título IV da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; e na Lei Orgánica 11/1985, de 2 de agosto, de Liberdade Sindical.

Considerando o disposto no artigo 22.2.i) da Lei 7/85 de 2 de Abril.

Dictaminado favorablemente pola comisión informativa de economía e facenda do día 27/11/2009.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Ledo Fernández manifesta que co sindicato recorrente CSI-CSIF non se acadou un acordó definitivo sobre o Convenio que ha de rexer ó personal do concello, defendeno a postura da súa aprobación definitiva por mor de que o personal no ten convenio colectivo dende o ano 1995, e que é mellor ter un convenio aínda que non sexa todo o bo que debería pero, alomenos ter un marco normativo en tal sentido, e que tódolos sindicatos estiveron de acordó agás o recorrente.

O Sr. Varela Rodríguez, membro non adscrito sinala que os concelleiros non adscritos van a manter a postura manifestada na Comisión Informativa de absterse neste punto, pero alude brevemente ás condicións salariais do personal laboral do Concello.

A voceira do Grupo Municipal do PP, a Sra. Carbón, manifesta que o seu grupo non está de acordó coa aprobación do Convenio e as subidas salariais xa que ten un carácter discriminatorio en relación co resto do personal, especialmente de cara ó resto dos funcionarios e personal laboral.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

O Sr. Ledo Fernández, en túrno de réplica manifesta que o que se trata precisamente é de mitigar e corrixir con esta organización unha discriminación existente e consolidada en relación con outros funcionarios e que se está a traballar, en contacto coas organización sindicais e traballadores, para que no vindeiro exercicio se melloren as condicións salariais do resto do personal laboral e funcionario.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis abstencións correspondentes aos dos membros do grupo PP e aos catro concelleiros non adscritos, ACORDA:

PRIMEIRO.- Desestimar a alegación presentada polo sindicato “Central Sindical Independiente y de Funcionarios” (CSI-CSIF) contra o “Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Chantada”, dado que a proposta de acordo regulador someteuse á preceptiva negociación sindical na reunión do día 19/06/2009, e consensouse previamente cos funcionarios do Concello e cos sindicatos mais representativos ao longo do ano 2008 (mesas sindicais de 20/06/2008 e de 16/07/2008) e do presente ano 2009.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o “Acordo regulador das condicións de traballo do persoal funcionario ao servizo do Concello de Chantada”, o Organigrama xerarquizado do Concello de Chantada, e os indicadores do complemento de produtividade e gratificacións para o establecemento dun sistema de avaliación do desempeño, de acordo coa proposta de alcaldía de data 18/06/2009.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao sindicato interesado e comunicalo aos departamentos municipais afectados.

4º.- MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS.

4.1.-Moción sobre o salario de distintos traballadores do concello. D. Manuel L. Varela, Concelleiro non adscrito.

“Nos últimos anos, en Chantada aumentaron considirablemente as zonas axardinadas, Estas zonas fan que teñamos un pobo máis atractivo de cara ós nosos cidadáns/ás, pero, isto conlleva un gran traballo e esforzo (non só económico por parte do Concello senón tamén humano).

Este traballo humano ó que nos referimos é o realizado pola brigada de parques e xardíns, que levan anos demostrando que son uns grandísimos profesionais.

A última subida salarial de estes empregados públicos fíxose no ano 2006. Na actualidade están a cobrar un soldo que ronda os 840 euros, algo que nos parece insuficiente. Si ademáis comparamos estes soldos con outros empregados do Concello, vemos que son dos que menos cobran, por isto propoñemos ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Que se lles aumente o soldo a estes traballadores a partir do 1 de xaneiro do ano 2010”.

“Unha vez presentada a moción pedindo un aumento de soldo para a brigada de parques e xardíns, enterámonos de que hai outros traballadores/as do Concello con soldos tamén moi cativos (persoal de axuda a domicilio). Tamén que hai varios traballadores/as que teñen sen actualizar os seus IPCe sen experimentar modificacións salariais desde o ano 2006, por todo isto solicitamos ao Pleno da corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

- *Que se revise o salario de todos os traballadores/as do Concello e se actualicen según convenio, e de non existir este, equiparar os soldos a outros que teñan máis o menos a mesma categoría.*
- *Que se contemple a subida do IPC a partir do ano 2010 para todos os traballadores/as.”*

O Sr. Varela xustifica a presentación da mesma insistindo no propio contido da moción.

O Sr. Ledo Fernández manifesta que xa está acordado cos membros do Grumir e personal de xardinería do Concello unha subida salarial, insistindo en que xa está consensuada cos mesmos.

A voceira do grupo PP, Sra Carbón, está de acordó en que se faga unha minuciosa valoración das condicións laborais e económicas deste personal.

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade.

4.2.- Moción sobre o nomenamento de Fillo Predilecto de Chantada a José Manuel Silva Rodríguez. Concelleiros non adscritos.

Defende a moción o Sr. Varela Rodríguez:

“O pasado 4 de novembro, tíñamos noticia de que o noso veciño José Manuel Silva Rodríguez “Cuqui Silva” se lle distinguía en Francia coa “Lexión de Honra”. Este premio é un dos máis importantes de Europa.

José Manuel Silva é o galego máis veterano en Bruxelas e quen dirixe a política de investigación da Comisión Europea.

Por este motivo, os catro concelleiros non adscritos propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

- *Que tendo en conta o Regulamento Especial de Honras e Distincións do Concello de Chantada, aprobado en sesión plenaria o día 16/10/2000, e no capítulo III dos nomeamentos (artigo 7º), se lle conceda o nomeamento de Fillo Predilecto de chantada a José Manuel Silva Rodríguez “Cuqui Silva”.”*

O Sr. Alcalde sinala que este asunto xa se tratou nunha Comisión Informativa e que haberá que estar ao procedemento que marca o Regulamento de Honras do Concello.

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade en canto a iniciación do procedemento correspondente.

TRAMITE DE URXENCIA

O Sr. Piñeiro xustifica a necesidade de tratar unha moción conxunta de tódolos grupos da Corporación de “Felicitación ó Sr. Xosé Lois García sobre o seu nomeamento como fillo predilecto e Cronista Oficial do Concello de San Andreu de la Barca”, por motivos de urxencia ao amparo dos artigos 82.3, 93 e 97.2 do RD 2568/1986, de 28 de novembro.

Sometida a votación a urxencia da moción é aprobada por unanimidade.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

“Felicitación ó Sr. Xosé Lois García sobre o seu nomeamento como fillo predilecto e Cronista Oficial do Concello de San Andreu de la Barca”

O pasado domingo, 29 de novembro, logo dun Acordo Plenario do Concello de Sant Andreu de la Barca, o chantadino Xosé Lois García, foi nomeado Fillo Predilecto e Cronista Oficial de dita Vila.

O Concello de Chantada estivo representado, como non podía ser doutro xeito, nos actos celebrados a este respeito.

Xosé Lois García é Director do Arquivo Histórico Municipal de Sant Andreu de la Barca (Barcelona). Desenvolveu diversos labores na divulgación da cultura galega en Cataluña é un dos escritores máis importantes da literatura Luso-Galaica. A súa obra compóñena máis de sesenta libros publicados sobre diversas temáticas en galego, portugués e catalán. É un grande "divulgador da cultura galega e portuguesa en Cataluña" a través de diversas colaboracións xornalísticas e doutras iniciativas como a creación dos Parques Rosalía e Castelao no concello de Sant Andreu de la Barca.

Hai razóns máis ca suficientes para que a Corporación Municipal de Chantada adopte os seguintes acordos:

- 1.- Trasladar os Parabéns a Xosé Lois García por tan merecido premio.*
- 2.- Agradecer ao Centro Galego de Barcelona pola acollida, o trato e a amabilidade dispensados ao Concello de Chantada.*
- 3.- Agradecer ao Concello de Sant Andreu de la Barca por todas as iniciativas levadas a cabo en prol da Cultura Galega e agradecer así mesmo o recibimento e o trato dispensado.”*

Sometida a moción a votación é aprobada por unanimidade.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS:

1. Sr. Janeiro, grupo PP: Que se arranxe a canalización dun rego e condución de residuais en Muradelle.
- Sr. Mazaira: Existe proxecto e os vecinos xa están enterados.
2. Sr. Janeiro: Que se arranxen as rúas do pobo de Randolfe, parroquia de Bermún, xa que están moi deterioradas.
3. Sr. Varela Rodríguez, membro non adscrito: Que se proceda á limpeza das pistas de tenis na parte posterior do pavillón polideportivo de Chantada.
4. Sr. Varela Rodríguez, membro non adscrito: Que se arranxe o acceso posterior ás piscinas municipais xa que existen socavóns e esta é zona de aparcamento dos usuarios da mesma.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

PREGUNTAS:

1. Sra. Carbón, grupo PP: Por qué se lle ten retirado a confianza á Asociación de Adegueiros para organización da Feira do Viño de Chantada” xa que a viñan xestionando dende sempre?

- Sr. Ledo Fernández: O equipo de goberno tomou a decisión de agradecer a todos os que participaron na organización de anos pasados en dito evento, pero este equipo de goberno tamén quere ir mais aló e que a Feira do Viño mellore e que se efectúe unha profesionalización da mesma.

2. Sr. Varela Rodríguez: Por que non se lle dá aprobación ó Regulamento de verquidos?

- Sr. Alcalde: Está pendente de informe do técnico municipal.

3. Sr. Varela Rodríguez: Que ocorre coa licenza dunha rampa na beirarrúa de correos xa que non se lle deu contestación nin a correos nin a un reclamante?

- Sr. Alcalde: Este asunto foi tratado na última Xunta de Goberno Local.

4. Sr. Varela Rodríguez: Donde se atopa a retroexcavadora do Concello e parece ser que se vai adquirir unha nova?

- Sr. Alcalde: A retroexcavadora está avariada como ben saben e estase a tratar de adquirir unha polo sistema “leasing” donde incluso se entre a facer unha valoración da actual para a súa retirada por unha nova.

- Sr. Ledo Fernández: A retroexcavadora atópase no Polígono Industrial de Chantada, na explanada dunha empresa de aserriño de pedra para facer traballos de carga do Concello cando retira lousas e outros materiais en pedra para obras municipais.

E sendo as vinte horas e corenta minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario accidental, dou fé e certificado.

Chantada, 1 de decembro de 2009

O Alcalde

O Secretario acctal

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Jesús Angel Ledo Cores